



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Atendendo a Resolución de Presidencia número 13.986 de aprobación o programa de financiamento das cuadrillas de obras e servizos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes no exercicio 2014, publicada no BOP. núm 137 con data do 21 de xullo de 2014, pola que se subvenciona por importe de 11.895,61 euros para a contratación dunha cuadrilla de obras e servizos municipais 2014: 1 oficial de 2ª e 2 peóns. Código de expediente: 2014990001170.

RESOLVO:

1º Aprobar as bases para a contratación de persoal que cubra os postos de albanel oficial de 2ª e 2 peóns para formar unha cuadrilla de obras e servizos municipais, por un período de 3 meses, cunha xornada laboral de 25 horas semanas.

Bases para a contratación dunha cuadrilla de obras e servizos municipais 2014: 1 oficial de 2ª e 2 peóns

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A selección dun albanel oficial de 2ª e 2 peóns que realizarán o Adecentamento e limpeza de vías públicas no termo municipal de Boqueixón.

Para realizar a selección presentárase oferta no Servizo Público de Emprego de Santiago Norte para que remitan candidatos/as desempregados/as inscritos/as no Servizo público de Emprego e procederase a realización de proba escrita e unha entrevista persoal.

SEGUNDA.- CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

- a) Ser español ou nacional doutro Estado membro da Unión Europea.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar inscrito coma desempregado/a no Servizo público de Emprego. Os candidatos serán preseleccionados pola Oficina de Emprego de Santiago Norte previa oferta presentada pola alcaldía do Concello de Boqueixón.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas.

- e) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correpondentes ao posto de traballo ao que se opta.

TERCEIRA.- REQUISITOS PARA A SELECCIÓN E DATAS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS

Os/as aspirantes estarán preseleccionados pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, que remitirá candidatos/os previa oferta presentada por esta entidade requirindo candidatos/as nas ocupacións de 1 albanel oficial de 2ª e 2 peóns de obras públicas.

Datas para a realización das probas.- Os/as candidatos/s deberán presentarse, na data e hora que a Oficina Pública de Emprego requira (ven por carta ou por calquera outro medio de comunicación que a Oficina de Emprego acorde) nas dependencias municipais da Casa do Concello de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña) coa copia compulsada do DNI. Os/as candidatos/as deberán realizar unha proba escrita para optar ás prazas e unha entrevista persoal.

Para a preparación da proba escrita os candidtos/as poderán solicitar na alcaldía das dependencias municipais da Casa do Concello unha copia fotocopiada do temario.

CUARTA.- Comisión seleccionadora.

A Comisión Seleccionadora estará integrada:

* Presidente/a: José María Souto Temes, funcionario Capataz de Obras;

Suplente: Anselmo Cairo Vilar.

* Secretaria/o: Elena Suárez Rodríguez, Suplente: Juan Manuel Corral Sánchez.

*Vogal 1: Casiano Veleiro Diéguez. Capataz de Servizos do Concello de Boqueixón; Suplente: Rosario Canabal Vázquez.

*Vogal 2: Elías Rodeiro Tato, Operario de servizos do Concello de Boqueixón; Suplente: Lourdes García Abeijón.

*Vogal 3: Gonzalo Torres Gil, Operario de servizos do Concello de Boqueixón; Suplentes: Rosario Iglesias Iglesias.

Non poderá constituirse nen actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo preciso en todo caso a asistencia do presidente e da secretaria/o.

QUINTA.- Proceso de selección.

A Comisión seleccionadora realizará:

PROBA ESCRITA: consistirá en contestar un cuestionario tipo test de 50 preguntas relacionadas co posto ofertado e cos temas relacionados no anexo I. Este exercicio **terá carácter obrigatorio e é eliminatorio.**

Está dirixida a determinar os coñecementos dos aspirantes sobre a profesión. O test constará de 50 preguntas. Soamente haberá unha resposta correcta por pregunta. Cada pregunta terá unha puntuación de 0,12 puntos (os erros non puntúan negativo). Tendo

unha puntuación máxima de 6 puntos, sendo 3 puntos a puntuación mínima esixida para pasar á fase de entrevista.

A duración da proba escrita será de 60 minutos.

ENTREVISTA PERSOAL: Realizarase unha entrevista persoal entre os/as candidatos/as que superasen a proba escrita. Esta fase terá unha valoración máxima de 4 puntos.

SEXTA- Rematada a selección o Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello o nome dos/as participantes titulares dos postos seleccionados/as coa súa puntuación, e nomes dos/as candidatos/as suplentes que terá vixencia mentres se manteña as circunstancias que deron lugar a esta convocatoria

SETIMA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN Unha vez rematado o proceso de selección, a proposta da Comisión de Selección será elevada ao alcalde para que formule a contratación das persoas que obteñan mellor puntuación, en número que non supere a das prazas obxecto da convocatoria.

A formalización do contrato realizarase conforme o previsto na lexislación vixente.

OITAVA: Incidencias. A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

NOVENA. A presente Resolución será publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello de Boqueixón e na páxina WEB: www.boqueixon.es

Anexo I. TEMARIO

TEMA 1. Introducción.

TEMA 2. Materiais empregados.

TEMA3. Utiís, ferramentas e maquinarias máis empregadas en construción.

TEMA 4. Coñecementos técnicos.

TEMA 5. Tarefas, funcións e pequenos traballos do peón de albanelaría.

TEMA 6. Glosario.

Dado en Boqueixón o día 15 de setembro de dous mil catorce, polo Sr. Alcalde accidental don Manuel Mouriño Varela.

O ALCALDE

